

Protocolo de Funcionamento da

AULA DE CONVIVENCIA

Ceip Antonio Blanco
Rodríguez
(Covelo- Pontevedra)

Índice

1. Contexto: Aspectos relativos á convivencia.	Páx- 03
2. Obxectivos da aula de convivencia.	Páx- 03
3. Coordinación da aula de convivencia.	Páx- 04
4. Procedemento de actuación.	Páx- 05
5. Metodoloxía: Adestramento en Habilidades Sociais.	Páx- 07
6. Recursos.	Páx- 11
7. Avaliación.	Páx- 11
8. Anexos.	Páx- 12

1. Contexto Xeral: Aspectos Relativos Á Convivencia:

Como se reflexa no Proxecto Educativo do Centro e no Plan de Convivencia non se dan no Centro problemáticas nin condutas graves. Sen embargo non podemos esquecer que no funcionamento diario de calquera centro educativo prodúcense comportamentos inadecuados dentro das aulas. Por norma xeral non son graves pero si poden chegar a ser moi repetitivos e rematan por dificultar dun xeito notable as dinámicas de aula e o aproveitamento dos procesos de ensino-aprendizaxe por parte do resto do alumnado. Este comportamento dáse en todas as aulas en forma de murmurios continuos, atención dispersa, interrupcións das explicacións ou das intervencións dos compañeiros, comentarios inapropiados, descoido da orde e limpeza.

Os mestres do Centro comunícanse verbalmente de xeito fluído na maioría dos casos nos que se dan estas condutas leves. Sen embargo ante certas condutas reiteradas será preciso realizar un parte de incidencia e trasladar ao alumnado implicado á aula de convivencia.

De modo xeral destacamos as condutas disruptivas máis comúns:

- ✓ Murmurios e atención dispersa.
- ✓ Interrupcións.
- ✓ Comentarios inapropiados.
- ✓ Falla de orde e limpeza.
- ✓ Incumprimento das normas de aula.
- ✓ Actitudes de “pasotismo”.
- ✓ Falla de traballo e actitude negativa ante o traballo escolar.

2. Obxectivos Da Aula De Convivencia:

Segundo se establece na *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, crearanse aulas de convivencia inclusiva nos centros educativos, con carácter non estable e coa vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar ao alumno á súa aula no menor tempo posible.

Un dos obxectivos do Centro fai fincapé no feito de garantir unhas relacións interpersoais idóneas entre os diferentes membros da comunidade educativa; polo tanto antes da aplicación de calquera medida será preciso ter en conta as normas de convivencia establecidas no Plan de Convivencia e no Regulamento de Réxime Interno. Os mestres como parte fundamental destas relacións interpersoais deberán velar polo seu axeitado cumprimento.

Coa fin de manter un axeitado funcionamento destas relacións, ponse en marcha a Aula de Convivencia, onde pretendemos reconducir a conduta daqueles alumnos que incumplan de xeito repetitivo e reiterado as normas do Centro e da aula no transcurso das sesións lectivas.

Non debemos confundir esta aula como un lugar illado onde enviar aos alumnos “castigados” sen realizar unha actuación directa sobre os mesmos, no referente á modificación da súa conduta. A aula debe conformarse como un espazo de reflexión, favorecendo unha axeitada competencia social e integridade persoal. Por outra banda non debemos esquecer que tamén pretendemos acadar unha melloría nas sesións lectiva evitando faltas de respecto e actitudes intolerables non só cara os mestres senón tamén cara ao resto de compañeiros, favorecendo o avance no seu rendemento e o seu progreso académico.

De xeito xeral identificamos os seguintes obxectivos:

- ✓ Mellorar as relacións inter-persoais de aula e Centro.
- ✓ Reconducir condutas negativas dos alumnos.
- ✓ Constituír un espazo de reflexión a cerca da propia conduta.
- ✓ Reflexionar sobre a repercusión da conduta inadecuada sobre terceiras persoas.
- ✓ Mellorar a dinámica de aula.
- ✓ Establecer un protocolo de actuación común ante fallas repetitivas e reiteradas.
- ✓ Reconducir condutas disruptivas.
- ✓ Manter un axeitado equilibrio entre o comportamento e o rendemento académico.

3. Coordinación Da Aula De Convivencia:

A coordinación da Aula de Convivencia dependerá nun primeiro lugar da Comisión de Convivencia, a cal se encargará de establecer os criterios de asistencia dun alumno/a á aula.

Os **motivos** para trasladar a un alumno/a á Aula de Convivencia deben ser **especialmente relevantes. Non se trasladará a un alumno polo feito de non traer, por exemplo, puntualmente o** material escolar, por unha pequena falta de responsabilidade dentro da aula, ou por falar nun momento puntual, etc. Pola contra aquelas condutas que fagan deter a dinámica da aula **polo grave dano que estean ocasionando ao normal desenvolvemento da sesión** (gritar, facer caso omiso das advertencias, molestar aos compañeiros, etc.) serán motivo para trasladar ao alumno á Aula de Convivencia. **Debemos resaltar o dereito de todos a recibir a mellor atención posible e unha axeitada formación persoal, social e académica.**

Esta medida levarase a cabo en condutas especialmente disruptivas e sempre se procurará **esgotar calquera outro recurso ou estratexia que se atope ao noso alcance** (charlas co alumno, chamadas de atención, traballo no recreo, etc).

Os titores deberán ser parte implicada mantendo informado ao resto do equipo docente que actúa co seu grupo de referencia, e actualizando periodicamente as tarefas do alumnado que vai á aula. Do mesmo xeito aqueles titores que teñan responsabilidade directa sobre un grupo problemático (ven sexa polas características do propio grupo, ou pola asistencia de alumnos concretos), deberán poñer especial atención nestes aspectos.

Finalmente debemos destacar a figura dun Coordinador da Aula. Esta figura recaerá sobre o mestre encargado da convivencia e mediación no centro educativo. O coordinador encargarse da coordinación dos mestres que atenderán a aula de convivencia. Encargarase de dotar a aula de materiais que posibiliten o traballo dos alumnos nas diferentes materias e sobre temas relacionados coa modificación de conduta, resolución pacífica de conflitos, etc. Encargarase de recoller as incidencias rexistradas e elaborará un informe (cando menos de xeito anual), do funcionamento da Aula de Convivencia que será elevado ao Observatorio de Convivencia.

A pesar de contar coa Comisión de Convivencia como principal órgano regulador, que contará coa coordinación do responsable da convivencia no centro e coa implicación dos titores non debemos esquecer que, o Claustro de mestres somos un equipo, e o non responder a determinadas condutas de xeito conxunto e uniforme é un paso atrás no referente á convivencia no centro, que en menor ou maior medida influirá sobre outros aspectos da actividade diaria do Centro.

4. Procedemento Xeral De Actuación:

En primeiro lugar debemos ter presente que a Aula de Convivencia non pode converterse nun “caixón desastre” onde enviar aos alumnos que presentan condutas disruptivas sen máis. **Trátase dun espazo de reflexión e un lugar que non se pode tomar á lixeira** (non podemos acostumar ao alumnado a ir á aula de convivencia a “primeira de cambio”). O número de alumnos que asistirán a Aula dun xeito simultáneo non superará os tres/catro alumnos, coa fin de non saturar a aula e manter o cumprimento dos seus obxectivos, será o equipo de directivo o que decida que alumnado se inclúe na Aula de Convivencia.

Cada vez que un alumno acuda a Aula de Convivencia o mestre/a deberá cubrir un parte de incidencia; posteriormente o titor ou responsable da convivencia poñeranse en contacto coa familia para comunicarlles o acontecido.

Unha vez que un mestre decida enviar a un alumno á Aula de Convivencia, deberá envialo coas correspondentes tarefas e material propio (propostas na aula, ou establecidas polo mestre nese momento). Os alumnos que acudan a Aula de Convivencia sen tarefas serán enviados de novo á súa aula de xeito inmediato.

Unha vez que o alumno é recibido na aula será atendido segundo os correspondentes criterios pedagóxicos. En primeiro lugar cubrirá unha ficha de reflexión, (anexo Plan convivencia), na cal analiza o seu comportamento e comprométese a mellorar súa actitude. Unha vez realiza esta tarefa o alumno realizará as tarefas indicadas polo mestre que estaba a impartir a sesión.

O mestre que se atope na Aula de Convivencia, (segundo o cadro de gardas), nese momento cumprimentará unha ficha na que se recolla o control das tarefas realizadas polo alumno, a data e hora na que se aplicou a medida. O mestre cumprimentará tamén a folla de rexistro diario de alumnado que está na Aula de Convivencia.

A aula de Convivencia será debidamente desinfectada (protocolo Covid-19) despois de cada uso.

Ademais destas medidas o Departamento de Orientación, a través do responsable da convivencia proverá de materiais nos que se traballe o autocontrol, as relacións interpersoais, a reflexión, o respecto, o rexeitamento da violencia, a solidariedade e a empatía. Estes materiais traballaranse neste espazo cando se estime oportuno.

Sen embargo a Aula de Convivencia poderá e deberá ser empregada para realizar outro tipo de traballos co resto do alumnado facendo dela un lugar coñecido, que funcione como un recurso positivo do centro. Poderá destinarse a traballar diferentes aspectos referidos á competencia social e cidadá, comunicativo-lingüística...coa fin de ofrecer un alternativa a traballos máis académicos e estruturados.

4.1 .Aula De convivencia como medida correctora no tempo de lecer.

Tal e como se establece no **Plan de Convivencia no punto 7.2.4**, como medida correctora de condutas inapropiadas e con carácter inminente á ocorrencia dos feitos, o alumno/a sancionado poderá ser suspendido do dereito de desfrutar de tempos de lecer xunto ao resto dos compañeiros.

Neste tempo o alumno/a poderá facer uso da Aula de Convivencia e estará sempre acompañado polo mestre/a que impuxo a dita medida correctora, informando previamente á Xefatura de Estudos.

O alumno/a que acuda á Aula de Convivencia deberá traer o seu propio material e procederase á desinfección correcta da aula despois de cada sesión.(protocolo Covid-19)

No caso de que esta medida correctora se prolongue no tempo e sexa necesaria a participación do resto do profesorado na vixiancia e control do alumnado sancionado na Aula de convivencia deberase seguir o seguinte protocolo de actuación:

- 1. Cubrir un parte de incidencias.*
- 2. Anotar a conduta sancionada e a medida correctora imposta.*
- 3. Informar á Xefatura de Estudos e á persoa responsable da Convivencia no centro.*

5. Metodoloxía: Adestramento En Habilidades Sociais:

O procedemento de actuación a seguir dentro da Aula de Convivencia fai imprescindible e inevitable o traballo de aspectos relativos ao adestramento en habilidades sociais. É certo que na maioría dos casos traballaranse aspectos referidos ás habilidades de tipo persoal, e dicir sen contar coa interacción do grupo. Pero si será de gran utilidade traballar aspectos relativos á comunicación (expresión oral, e corporal), a resolución de conflitos e ao control da impulsividade coa finalidade de mellorar as condutas que provocaron a saída do alumno da súa aula.

O traballo sobre as habilidades sociais é unha competencia da escola xunto coa familia, levada a cabo dun xeito coordinado e continuo. As habilidades sociais desenvólvense de xeito directo e indirecto no proceso de ensino-aprendizaxe polo que terán un papel importante dentro das tarefas a realizar dentro da Aula de convivencia.

Como sinalamos con anterioridade as características da Aula de Convivencia e o procedemento de actuación descartan traballar certas Habilidades Sociais, sen embargo si hai outras moitas nas que debemos fixarnos para incidir sobre elas (en moitos casos derívanse da propia interacción co alumno).

Distinguimos a seguinte clasificación de habilidades a traballar na Aula de Convivencia:

- Habilidades elementais:
 - escoitar.
 - Iniciar unha conversa.
 - Manter unha conversa.
 - Formular(se) unha pregunta.
 - Dalas gracias.
 - Facer un cumprimento.

- Habilidades avanzadas:
 - Pedir axuda.
 - Seguir instrucións.
 - Desculparse.
 - Convencer aos demais.

- Habilidades referidas aos sentimentos:
 - Coñecer os propios sentimentos.
 - Expresar os sentimentos.
 - Comprender os sentimentos dos demais.
 - Expresar afecto.
 - Auto-recompensarse.

- Habilidades alternativas á agresión:
 - Pedir permiso.

- Compartir.
- Axudar aos demais.
- Negociar.
- Empregar o autocontrol.
- Defender os dereitos.
- Evitar os problemas e as leas.

- Habilidades para afrontar o estrés:

- Formular unha queixa.
- Amosar deportividade.
- Defender a un amigo.
- Responder á persuasión.
- Responder ao fracaso.
- Responder a unha acusación.
- Facer fronte ás presións do grupo.
- Preparar unha conversa difícil.

- Habilidades de planificación:

- Discernir sobre as causas dun problema.
- Establecer un obxectivo.
- Recoller información.
- Tomar unha decisión.
- Concentrarse nunha tarefa.

Unha vez seleccionadas as habilidades sociais a traballar (non se traballaran sempre nin se chegaran a traballar todas), debemos establecer unha forma de traballalas de xeito consensuado e coñecidos por todos, que nos permita dar unha resposta coherente e compartida a problemas que teñen a mesma natureza (a priori).

No momento de recepción do alumno o mestre de garda fará fincapé en aspectos relativos a:

- Mirada.
- Actitude de escoita.
- Linguaxe.
- Expresión corporal.
- Empatía.

Tentando reconducir a actitude do alumno, no caso de se preciso, cara un comportamento asertivo, pausado carente de impulsividade agresividade. Tentaremos establecer unha primeira toma de contacto de xeito pausado e reflexivo deixando actuar

ao alumno de xeito correcto e reflexivo. Unha vez que o alumno teña unha actitude axeitada empregaremos a ficha de compromiso a modo de gui3n para traballar habilidades mencionadas con anterioridade (identificaci3n de conflito, procura de alternativas, resposta a unha acusaci3n, asunci3n de diferentes roles...).

Para a cumplimentaci3n da ficha podemos seguir un esquema semellante ao plantexado a continuaci3n.

	PASO 1	PASO 2	PASO 3	PASO 4	PASO 5	PASO 6
Q U E T R A B A L L A R	Identificar a existencia dun problema, e a sensación de malestar que conleva.	Describir unha situación problemática.	Xerar alternativas a un comportamento conflictivo.	Anticipar posibles consecuencias dun comportamento determinado.	Elección de alternativas.	Establecemento dun compromiso e unha estratexia de actuación.
O B X E T I V O	Lograr que o alumno/a identifique situacións de interacción que desembocan nun problema.	Ser capaz de describir de xeito concreto un problema derivado dunha interacción social, dinámicas de aula, etc.	Facer consciente ao alumno da existencia de alternativas na resolución de conflitos.	Lograr que o alumno/a considere as consecuencias do acontecido e sexa capaz de poñerse na pel de outros.	Lograr que o alumno atope unha solución ao problema ou conflito.	Lograr a resolución dun conflito mediante unha estratexia previamente plantexada.
M E T O D O L O X Í A	Formulación de cuestións sobre o que aconteceu para que se dese a situación.	Reflexionar e reconstruír a orixe do problema.	Informar ao alumno sobre hipotéticas consecuencias derivadas da súa actitude, conduta, etc.	Indicación de comportamentos axeitados, exemplificación.	Guiar a reflexión e elección do alumno/a.	Elaboración dun compromiso de comportamento.

6. Recursos:

- **Persoais:** mestre de garda (a Aula de Convivencia estará dirixida por un dos mestres de garda cando non deban realizar substitucións), responsable da convivencia (encargarase da atención da aula cando non haxa mestres de garda. Encargarase de realizar o seguimento do funcionamento da aula así como de redactar un informe anual sobre a convivencia no centro). Mestres titores e especialistas, Comisión de Convivencia.

- **Materiais:** ficha de reflexión e compromiso do alumno, parte de incidencia, ficha de control de tarefas dentro da Aula de Convivencia, Ficha de rexistro diario do alumnado que ingrese na Aula de Convivencia, material para realizar traballos específicos (habilidades sociais, autocontrol, etc.).

- **Organizativos:** Aula de Convivencia.

7. Avaliación:

Ao final de cada trimestre e sobre todo ao final do curso académico, avaliarase, unha vez recollidos e analizados os datos da Aula de Convivencia, o funcionamento da mesma e sobre todo a súa utilidade. Realizaranse as modificacións oportunas nos aspectos precisos (procedemento de actuación, fichas a realizar, comunicación coas familia, etc).

A avaliación realizarase a cargo da Comisión de Convivencia contando co informe elaborado polo Coordinador da Aula de Convivencia, sen embargo todo o profesorado será escoitado e as súas opinións serán tidas en conta, do mesmo xeito as conclusión da avaliación serán comunicadas a todo o profesorado.

FICHA DE CONTROL DE TAREFAS DENTRO DA AULA DE CONVIVENCIA
--

TAREFAS REALIZADAS NA AULA DE CONVIVENCIA:

DATA:	HORA:	LUGAR:
MESTRE:		MATERIA:
APELIDOS:	NOME:	CURSO:

MOTIVO DA INCIDENCIA:

--

Acudiu á Aula de Convivencia:	SI	NON
--------------------------------------	-----------	------------

O/A Mestre/a

Asdo. _____



CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ

FICHA DE REFLEXIÓN PARA A AULA DE CONVIVENCIA

O teu NOME E APELIDOS: _____

CURSO : _____ LUGAR DOS FEITOS _____

DATA: _____ HORA : _____ PROFESOR/A _____

Se necesitas máis espazo podes utilizar a parte de atrás da folla.

1. Que pasou? Conta os feitos de maneira obxectiva, sen valoracións nin críticas. Que, como, cando e con quen pasou?

2. Como che sentiches.

3. Por que actuaches así? Causas da túa actuación

4. Como crees que se sentiron as demais persoas?

5. Que consecuencias tiveron os teus actos, tanto para ti como para as demais persoas?

6. De que outra maneira podías actuar?

7. Que se che ocorre que podes facer para compensar o que fixeches e evitar que volva pasar?

8. *Estás disposto/á facelo?*

O BLOC DE INCIDENCIAS

Contamos con un BLOC DE INCIDENCIAS coma o que se mostra na imaxe, que o profesorado deberá cubrir en caso de que se produza algunha conduta das tipificadas no mesmo ou aquelas outras recollidas como leves e graves no Plan de convivencia.

O profesor ou profesora deberá entregalo debidamente cuberto ao Xefe de Estudos.

Así mesmo polo reverso desta folla deberase especificar que medidas inmediatas se tomaron con respecto á incidencia producida, medidas que poderán ser ratificadas, modificadas ou ampliadas pola Comisión de Convivencia, de ser o caso.

ALUMNO: _____

CURSO: _____ DATA: _____

INCIDENCIAS	Tr.	1. ^a	2. ^a	Re	3. ^a	4. ^a	Co	5. ^a	Tr.
Falta de puntualidade									
Négase a facer as actividades									
Molesta e impide a marcha da clase									
Non trae o material									
Non trae os deberes									
Sae entre clase e clase									
Falta de respecto ao profesorado/alumnado..									

OBSERVACIÓNS:

--